

INT/2026/000373

PROPOSTA DA ALCALDÍA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS POR TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DE APLICACIÓNS DENTRO DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO ENTRE DISTINTOS EIXES DOS CRÉDITOS QUE FINANCIAN O PSTD DO CONCELLO DE VILAGARCÍA, NO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL.

A XGL en data 18/05/2026 tomou razón da Resolución de 11 de maio de 2026 da Secretaría de Estado de Turismo, modificadora da Resolución de 14 de setembro de 2022 pola que se concede ao Concello de Vilagarcía una subvención directa por contía de 2.490.852,00 € dentro do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino, autorizando a transferencia de 60.948,53€ existente nos remanentes do Eixe 3 (Transición digital) dos proxectos 2023-2-NEXT-5 e 2023-2-NEXT-6 para ampliar as actuacións no proxecto 2023-2-NEXT-9.

Visto que o financiamento autorizado pola Secretaría de Estado atópase dentro dun Eixe programático con diferente área de gasto e polo tanto trátase dunha transferencia de crédito das aplicacións orzamentarias de Gastos do vixente orzamento municipal, entre distintas áreas de gasto e por importe de **60.948,53€**, con data 10/06/2026 ordenouse a incoación do expediente **12/TC/2026** de Modificación orzamentaria por transferencia de crédito.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención JFC/660/2026 (csv XMJCIIJ7XR48101B3) adxunto ó expediente, que existen exceso de financiamento nos proxectos indicados, esta Alcaldía, de conformidade cos artigos 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 40 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, e Base 12 de execución do Presuposto propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente **Nº 12/TC/226** de transferencia de créditos da maneira que a seguir se indica:

a . Aplicacións orzamentarias de gastos onde os créditos se **minoran**:

AREA DE GASTO 4				
Pro.	Eco.	Descrición	Importe €	PROXECTO
432	6410018	TURISMO-GASTOS EN APLICACIÓNS INFORMÁTICAS FONDOS NEXT	31.913,85	2023-2-NEXT-5
432	6410018	TURISMO-GASTOS EN APLICACIÓNS INFORMÁTICAS FONDOS NEXT	29.034,68	2023-2-NEXT-6
TOTAL			60.948,53	

b. Aplicacións orzamentarias de gastos onde os créditos se **incrementan**:

AREA DE GASTO 1				
Pro.	Eco.	Descrición	Importe €	PROXECTO
133	6090018	ORDEAC. TRÁFICO E EST.- NOVAS INFRAES. E BENS N. FONDOS NEXT	60.948,53	2023-2-NEXT-9
TOTAL			60.948,53	

SEGUNDO: Expoñer ao público o expediente de transferencia de crédito **Nº 12/TC/2026**

Praza de Ravella, 1 · 36600 Vilagarcía de Arousa · T 986 099 200 · F 986 501 1 09 · CIF: P/3606000 B ·

concello@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es



mediante anuncio publicado no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

TERCEIRO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de transferencia de crédito **Nº 12/TC/2026**, será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE

